



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. DO SOCIAL N. 6 VIGO

SENTENCIA: 00112/2023

RÚA PADRE FEIJOO N° 1 - PLANTA 16ª 36204-VIGO

Tfno: 886218430-31,

Fax: 886218432

Correo Electrónico: social6.vigo@xustiza.gal

Equipo/usuario: IS

NIG: 36057 44 4 2021 0005934

Modelo: N02700

PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000816 /2021

Procedimiento origen: /

Sobre: ORDINARIO

DEMANDANTE/S D/ña:

ABOGADO/A: MERITXELL LEMA BERART

DEMANDADO/S D/ña: CONCELLO DE VIGO

ABOGADO/A: LETRADO AYUNTAMIENTO

SENTENZA

Vigo, 3 de marzo do 2023.

Visto e oído por min, Alejandro Couselo Barrio, Maxistrado Xuíz do Xulgado nº 6 de Vigo, o procedemento nº 816/2022 deste xulgado, cuxo obxecto o constitúe unha reclamación de clasificación profesional, pronuncio a presente sentenza. Foron partes no procedemento:

1.- demandante: , que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendida polo Avogado don César Vázquez Camiña.

2.- demandado: Concello de Vigo, que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese defendido pola Avogada dona Elena Ares Salgado.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O día 29 de novembro do 2021 a parte demandante presentou demanda no Decanato dos Xulgados do Partido Xudicial de Vigo. Na mesma a demandante, logo de alegar os feitos e fundamentos de dereito que tivo a ben, solicitou que se ditara sentenza na que se estimara a demanda, e se condenara á



empresa demandada a facerlle pagamento da cantidade de 2.482,14 euros en concepto de diferenzas salariais, mailos xuros moratorios liquidados ó tipo do 10 % anual.

SEGUNDO.- Admitida a trámite a demanda, sinalouse para os actos de conciliación e xuízo o día 31 de xaneiro do 2023, data na que tiveron lugar e ós que compareceu a parte demandante, quen se ratificou nas alegacións e pretensións que constan na demanda.

A demandada compareceu no acto do xuízo e contestou á demanda co contido que consta na acta videográfica do xuízo oral.

Foron practicadas as probas de documental.

No trámite das conclusións o demandante mantivo as súas conclusións.

TERCEIRO.- O presente procedemento foi tramitado consonte as normas aplicables.

FEITOS PROBADOS

1.- A parte demandante, don _____, con DNI n° _____, ven prestando os seus servizos para o Concello de Vigo, por causa dunha relación laboral indefinida, cunha antiguidade do 11/04/2001 e unha categoría profesional de Oficial Albanel.

O traballador demandante percibe un salario bruto mensual, incluído o rateo das pagas extras, por importe de 2.426 euros (feitos non controvertidos).

2.- O traballador reclama a cantidade de 2.482,14 euros en concepto de diferenzas no cómputo das cantidades debidas en concepto de horas extraordinarias.

O Concello de Vigo remunerou ó traballador por 293,50 horas extras no ano 2020. O prezo unitario de cada hora extra acada o valor de 16,02 euros hora. A diferenza entre o percibido nas nóminas polo traballador e o que debera percibir computando cada hora extra a 16,02 euros acada a cantidade de 2.482,14 euros. O traballador percibiu desta cantidade do Concello a de 235,78 euros.

3.- A relación laboral se rexe polo Convenio colectivo único do persoal laboral do Concello de Vigo (feito non controvertido).

4.- Foi esgotada a vía administrativa previa.





ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Consonte o contido do artigo 97.2 da Lei Reguladora da Xurisdición Social, os anteriores feitos probados resultan do meu exame e valoración da proba que foi practicada no acto do xuízo, conforme ás regras da san e imparcial crítica, efectuada en relación con cada un dos medios de proba e, fundamentalmente, da proba documental achegada por ambas partes.

Compre termos en conta que non se impugnaron os documentos achegados, coa consecuencia que para esta circunstancia determinan os artigos 319 e 326 da Lei de Axuízamento civil.

SEGUNDO.- Tal coma se desprende do contido dos artigos 26 e seguintes do Estatuto dos Traballadores, un dos dereitos esenciais da relación laboral é o do traballador a percibir o seu salario en troques do traballo que prestara.

No caso que nos ocupa debemos ter presente que o Concello de Vigo foi requirido para que certificara o número de horas extras realizado polo demandante no período polo que reclama as diferenzas salariais, cousa que non fixo, cinguíndose a achegara as nóminas do devandito período, nóminas nas que non se reflicte o dato que lle foi solicitado.

Compre, polo tanto, ter coma probado que o demandante realizou en cada mes as horas que reclama no escrito de aclaración da súa demanda.

E, sentado o que antecede, os cálculos que realiza a parte demandante son conformes á interpretación realizada polo Tribunal, non senso de que o cómputo do valor da horas extra ten que incluír a retribución efectiva do traballador e, polo tanto, a parte proporcional das horas extraordinarias.

Compre estimarmos a demanda na cantidade de 2.246,22 euros, cantidade que, dada a súa condición de salario, devengará xuros moratorios liquidados ó tipo do 10 % anual, tal coma se desprende do contido do artigo 29.3 do Estatuto dos Traballadores.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución non cabe interpor recurso de suplicación (tal como establece o artigo 137 da Lei Reguladora da Xurisdición Social), do que se advertirá ás partes.

DAQUELA



XULGO

DESESTIMO parcialmente a demanda presentada por
contra o Concello de Vigo.

CONDENO ó Concello de Vigo a que lle faga pagamento ó
demandante da cantidade de 2.246,22 euros, mailos xuros
moratorios desta cantidade liquidados ó tipo do 10 % anual.

Notifíquese a presente resolución ás partes, facéndolles saber
que é firme e que contra a mesma non cabe recurso de
suplicación para ante a Sala do Social do Tribunal Superior de
Xustiza de Galicia.

Así, por esta a miña Sentenza, pronúncio, mando e asino.

